



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

### ACTA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE PONTEDEUME CELEBRADA O 26/01/2023

#### ASISTENTES:

##### Presidente:

D. Bernardo Fernández Piñeiro (PSdeG-PSOE)

##### Concelleiros/as:

D. José Simoes Couceiro (PSdeG-PSOE)  
D<sup>a</sup> Raquel Caruncho Corral (PSdeG-PSOE)  
D<sup>a</sup> Yolanda Vázquez Busto (PSdeG-PSOE)  
D<sup>a</sup> Ángela Piñeiro Carrera (PSdeG-PSOE)  
D. Daniel Ríos Fernández (PSdeG-PSOE)  
D. Joshua Dopico López (PSdeG-PSOE)  
D<sup>a</sup>. Manuela García Fachal (PSdeG-PSOE)  
D<sup>a</sup> Alejandra Bellón Tenreiro (PSdeG-PSOE)  
D. Santiago José Rodríguez Piñeiro (PP)  
D. Luis Angel Díaz González (PP).  
D. Luis Pena Mosquera (BNG)  
D<sup>a</sup> Rocío Souto Torre (BNG)

Na sala de sesións da Casa do Concello de Ponte deume, sendo as doce horas e dez minutos do día vinte e seis de xaneiro de dous mil vinte e tres, xúntanse, en sesión ordinaria do Pleno, en primeira convocatoria, previamente convocados ao efecto, as persoas membros do Pleno do concello relacionadas á marxe, baixo a presidencia do señor Alcalde-Presidente, Don Bernardo Fernández Piñeiro.

Foron asistidos pola Secretaria Xeral e o Interventor accidental Municipais.

##### A Secretaria xeral:

D<sup>a</sup> Ana Ramos Ramos

##### O Interventor accidental

D. José Luis Sande Vázquez

A Presidencia abre a sesión, procedéndose a tratar os asuntos incluídos na orde do día:

#### **1.- LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.**

A Secretaria xeral da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia que se transcribe a continuación:

##### **"PROPOSTA DE ACORDO**

#### **LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIORES**

(Expediente TEdC: 2023/G006/000004)

*Recibida polas persoas membro do Pleno, a copia do borrador da acta correspondente á sesións:*

#### **SESIÓN ORDINARIA 29.12.2022**

*Esta Alcaldía-Presidencia formula a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:*

**PRIMEIRO.** *Aprobar os borradores das actas correspondentes ás sesións:*

**SESIÓN ORDINARIA 29.12.2022 (borrador asinado o día 23.01.2023)**

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

**SEGUNDO.-.** Ordenar a súa transcripción ao libro de actas de acordo ao disposto no art. 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro”

Sen intervencións, sométese a votación a proposta, quedando **ADOPTADA por MAIORÍA de 12 votos a favor** dos concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE(8): D. Bernardo Fernández Piñeiro, D. José Simoes Couceiro, D<sup>a</sup> Raquel Caruncho Corral, D<sup>a</sup> Ángela Piñeiro Carrera, D. Daniel Ríos Fernández, D. Joshua Dopico López, D<sup>a</sup>. Manuela García Fachal, D<sup>a</sup> Alejandra Bellón Tenreiro; 2 votos a favor dos concelleiros do Grupo Municipal do PP: D. Santiago José Rodríguez Piñeiro e D. Luis Angel Díaz González; 2 votos a favor do concelleiro e concelleira que integran o Grupo Municipal do BNG: D. Luis Pena Mosquera e D<sup>a</sup> Rocío Souto Torre; e **1 abstención** da concelleira do Grupo Municipal do PsdeG-PSOE: D<sup>a</sup> Yolanda Vázquez Busto, por non estar presente na sesión do 29/12/2022, o **ACORDO** seguinte:

**PRIMEIRO.** Aprobar os borradores das actas correspondentes ás sesións:

### SESIÓN ORDINARIA 29.12.2022 (borrador asinado o día 23.01.2023)

**SEGUNDO.-.** Ordenar a súa transcripción ao libro de actas de acordo ao disposto no art. 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro

### 2.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA PRESIDENCIA.

A Secretaria xeral da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia que se transcribe a continuación:

#### “DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA PRESIDENCIA.

#### SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE 26/01/2023

(Expediente TEdC: 2023/G006/000003)

De conformidade co disposto no artigo 42 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta aos concelleiros e concelleiras das Resolucións da Alcaldía-Presidencia ditadas, dos números **850.2022** de 26 de decembro de 2022 ao **14.2023** de 18 de xaneiro de 2023, ambos os dous incluídos, os seguintes:

Nº de Expediente	Asunto	Nº Decreto	Fecha Firma
2022/G003/000938	DELEGACIÓNS ALCALDÍA. MANDATO CORPORATIVO 2019.2023	000850/2022	26-12-2022 09:33
2022/G003/000927	CONTRATO PARA RENOVACIÓN DE PECHE EN PISTA SARMIENTO.	000851/2022	26-12-2022 11:35
2022/G003/000937	CONTRATO MENOR DE EXECUCIÓN DAS OBRAS CONTIDAS NA MEMORIA VALORADA DE MODIFICACION DAS INSTALACIONES DE ALUMBRADO PUBLICO EN EL LUGAR DE PEDRIDAS, O GROBE E A RÚA PEIRAO	000852/2022	26-12-2022 11:35
2022/G003/000933	CONCERTACION AVAL IDAE	000853/2022	26-12-2022

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Nº de Expediente	Asunto	Nº Decreto	Fecha Firma
			14:29
2022/G003/000940	Convocatoria Sesión Ordinaria do Pleno de 29/12/2022	000854/2022	26-12-2022 14:28
2022/G003/000970	DELEGACIÓNS ALCALDÍA. MANDATO CORPORATIVO 2019.2023	000855/2022	27-12-2022 11:45
2022/G003/000943	Convocatoria selección personal-CRITERIOS E BASES XERAIS PROCESOS ESTABILIZACIÓN. OEP 2021	000856/2022	27-12-2022 11:51
2022/G003/000826	ATRIBUCIÓN TEMPORAL DE FUNCÍONS DE C1 A FUNCIONARIA MSS (C2)	000857/2022	27-12-2022 12:58
2022/G003/000936	Resolución das solicitudes de Axudas económicas ás familias con fillas/os de ata tres anos de idade, para a atención das súas necesidades de conciliación.	000858/2022	27-12-2022 12:58
2022/G003/000944	Convocatoria selección personal-CRITERIOS E BASES XERAIS PROCESOS ESTABILIZACIÓN. OEP 2021	000859/2022	27-12-2022 12:57
2022/G003/000945	BASES ESPECÍFICAS TÉCNICO/ MEDIO SERVIZOS SOCIAIS	000860/2022	27-12-2022 12:57
2022/G003/000946	BASES ESPECÍFICAS ADMINISTRATIVO-INFORMÁTICO	000861/2022	27-12-2022 12:56
2022/G003/000947	BASES ESPECÍFICAS AUXILIAR ADMINISTRATIVO SERVIZOS XERAIS	000862/2022	27-12-2022 12:56
2022/G003/000948	Oferta emprego público, exercicio 2021, convocatoria excepcional de estabilización de emprego temporal de longa duración	000863/2022	27-12-2022 12:55
2022/G003/000949	Oferta emprego público, exercicio 2021, convocatoria excepcional de estabilización de emprego temporal de longa duración	000864/2022	27-12-2022 12:55
2022/G003/000950	Oferta emprego público, exercicio 2021, convocatoria excepcional de estabilización de emprego temporal de longa duración	000865/2022	27-12-2022 12:56
2022/G003/000951	Oferta emprego público, exercicio 2021, convocatoria excepcional de estabilización de emprego temporal de longa duración	000866/2022	27-12-2022 12:58
2022/G003/000952	Oferta emprego público, exercicio 2021, convocatoria	000867/2022	27-12-2022

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Nº de Expediente	Asunto	Nº Decreto	Fecha Firma
	excepcional de estabilización de emprego temporal de longa duración		13:00
2022/G003/000953	Oferta emprego público, exercicio 2021, convocatoria excepcional de estabilización de emprego temporal de longa duración	000868/2022	27-12-2022 13:01
2022/G003/000954	Oferta emprego público, exercicio 2021, convocatoria excepcional de estabilización de emprego temporal de longa duración	000869/2022	27-12-2022 13:04
2022/G003/000955	Oferta emprego público, exercicio 2021, convocatoria excepcional de estabilización de emprego temporal de longa duración	000870/2022	27-12-2022 13:05
2022/G003/000956	Oferta emprego público, exercicio 2021, convocatoria excepcional de estabilización de emprego temporal de longa duración	000871/2022	27-12-2022 13:07
2022/G003/000957	Oferta emprego público, exercicio 2021, convocatoria excepcional de estabilización de emprego temporal de longa duración	000872/2022	27-12-2022 13:09
2022/G003/000958	Oferta emprego público, exercicio 2021, convocatoria excepcional de estabilización de emprego temporal de longa duración	000873/2022	27-12-2022 13:09
2022/G003/000959	Oferta emprego público, exercicio 2021, convocatoria excepcional de estabilización de emprego temporal de longa duración	000874/2022	27-12-2022 13:10
2022/G003/000960	Oferta emprego público, exercicio 2021, convocatoria excepcional de estabilización de emprego temporal de longa duración	000875/2022	27-12-2022 13:12
2022/G003/000962	Oferta emprego público, exercicio 2021, convocatoria excepcional de estabilización de emprego temporal de longa duración	000876/2022	27-12-2022 13:13
2022/G003/000963	Oferta emprego público, exercicio 2021, convocatoria excepcional de estabilización de emprego temporal de longa duración	000877/2022	27-12-2022 13:15
2022/G003/000964	Oferta emprego público, exercicio 2021, convocatoria excepcional de estabilización de emprego temporal de longa duración	000878/2022	27-12-2022 13:15
2022/G003/000965	Oferta emprego público, exercicio 2021, convocatoria	000879/2022	27-12-2022

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Nº de Expediente	Asunto	Nº Decreto	Fecha Firma
	excepcional de estabilización de emprego temporal de longa duración		13:17
2022/G003/000966	Oferta emprego público, exercicio 2021, convocatoria excepcional de estabilización de emprego temporal de longa duración	000880/2022	27-12-2022 13:17
2022/G003/000967	Oferta emprego público, exercicio 2021, convocatoria excepcional de estabilización de emprego temporal de longa duración	000881/2022	27-12-2022 13:21
2022/G003/000968	Oferta emprego público, exercicio 2021, convocatoria excepcional de estabilización de emprego temporal de longa duración	000882/2022	27-12-2022 13:21
2022/G003/000969	Oferta emprego público, exercicio 2021, convocatoria excepcional de estabilización de emprego temporal de longa duración	000883/2022	27-12-2022 13:23
2022/G003/000961	Oferta emprego público, exercicio 2021, convocatoria excepcional de estabilización de emprego temporal de longa duración	000884/2022	27-12-2022 13:24
2022/G003/000920	TESOURERIA: PADRON MERCADO MUNICIPAL 2S2022	000885/2022	27-12-2022 14:08
2022/G003/000921	Solicitud General a nombre de .... Solicita: RE: SOLICITUD DE ACCESO AL PERMISO DE OBRASCON REFERENCIA CATASTRAL 7364501NJ6076N0006PX	000886/2022	27-12-2022 16:05
2022/G003/000926	APROBACIÓN RELACIÓN DE FACTURAS F/2022/26. ELÉCTRICAS.-	000887/2022	28-12-2022 13:50
2022/G003/000973	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de 29/12/2022	000888/2022	28-12-2022 14:46
2022/G003/000972	Decreto aprobación do convenio de colaboración entre o Concello de Ponte deume e a entidade Comisión de Festas As Peras para o ano 2022.	000889/2022	29-12-2022 16:07
2022/G003/000976	Aprobación da lista provisional de admitidas/os na Escola Infantil Municipal "Chalé Rosa". Convocatoria extraordinaria novembro .Curso 2022/2023	000890/2022	29-12-2022 16:07
2022/G003/000942	Axudas de Emerxencia Social Municipal	000891/2022	29-12-2022 16:07

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Nº de Expediente	Asunto	Nº Decreto	Fecha Firma
2022/G003/000974	CONVOCATORIA TÉCNICO DE ADMINISTRACIÓN XERAL. XEFE DE SECRETARÍA. A1	000892/2022	29-12-2022 16:07
2022/G003/000975	CONVOCATORIA TÉCNICO DE XESTIÓN A2.	000893/2022	29-12-2022 16:07
2022/G003/000981	ADQUISICIÓN TERREOS PARA APARCADOIRO EMPEDRADO 21	000894/2022	29-12-2022 23:24
2022/G003/000983	ADQUISICIÓN TERREOS PARA APARCADOIRO EMPEDRADO 21	000895/2022	30-12-2022 09:55
2022/G003/000986	ADQUISICIÓN TERREOS PARA APARCADOIRO EMPEDRADO 21	000896/2022	30-12-2022 10:34
2022/G003/000985	Decreto pago do 90% da subvención a entidade Comisión de Festas As Peras 2022.	000897/2022	30-12-2022 10:33
2022/G003/000978	APROBACIÓN RELACIÓN DE FACTURAS F/2022/27	000898/2022	30-12-2022 10:34
2022/G003/000988	PRÓRROGA DO ORZAMENTO MUNICIPAL 2022,-	000899/2022	30-12-2022 11:01
2022/G003/000987	DELEGACIÓNS ALCALDÍA. MANDATO CORPORATIVO 2019.2023	000900/2022	30-12-2022 11:27
2022/G003/000908	CERTIFICACION FINAL-LIQUIDACIÓN -REFORMA DA ESCOLA UNITARIA DE CAMPOLONGO-. POS+ 2019 - ADICIONAL.	000901/2022	30-12-2022 15:50
2022/G003/000941	APROBACIÓN CERTIFICACIÓN Nº 1, 2 E 3 DA OBRA - ACTUACIONES DE AHORRO ENERGÉTICO EN LOS ALUMBRADOS PÚBLICOS DEL AYUNTAMIENTO DE PONTEDEUME. FASE II (IDADE 2020)	000902/2022	30-12-2022 15:50
2022/G003/000980	APROBACIÓN CERTIFICACIÓN Nº 1/ÚLTIMA, DA OBRA - ESPACIO SOCIOCULTURAL E RECREATIVO AO AIRE LIBRE EN SAN PEDRO DE VILAR-. OBRAS MUNICIPAIS.	000903/2022	30-12-2022 15:50
2022/G003/000935	APROBACIÓN CERTIFICACIÓN Nº 1 E Nº 2 DA OBRA - PAVIMENTACIÓN E HUMANIZACIÓN FREI GUMERSINDO PLACER-. POS+ ADICIONAL 2/2021.	000904/2022	30-12-2022 15:55
2022/G003/000977	APROBACIÓN CERTIFICACIÓN Nº 4 E Nº 5 (ACOPIOS) DA OBRA -HUMANIZACIÓN URBANÍSTICA RÚA RÍO EUME E PRAZA MESTRE ÁLVARO VÁZQUEZ PENEDO-. OBRAS	000905/2022	30-12-2022 15:55

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Nº de Expediente	Asunto	Nº Decreto	Fecha Firma
	MUNICIPAIS.		
2022/G003/000990	APROBACIÓN CERTIFICACIÓN Nº 1 DA OBRA -AMPLIACIÓN DE CAMIÑO A GRAÑA, FIGUEIRIDO-. OBRAS MUNICIPAIS	000906/2022	30-12-2022 15:55
2022/G003/000982	APROBACIÓN CERTIFICACIÓN Nº 1 DA OBRA -INSTALACIÓN DE SEMÁFORO EN AVDA. DA CORUÑA-. OBRAS MUNICIPAIS.	000907/2022	30-12-2022 15:57
2022/G003/000991	BASES DO PROGRAMA BONOS PARA A INCENTIVACIÓN E IMPULSO DO COMERCIO LOCAL ENTRE OS COLECTIVOS MÁIS VULNERABLES	000908/2022	30-12-2022 16:01
2022/G003/000984	APROBACIÓN CERTIFICACIÓN Nº1 E Nº 2 DA OBRA - PAVIMENTACIÓN DA RÚA VALERIANO VILLANUEVA-. OBRAS MUNICIPAIS	000909/2022	30-12-2022 16:14
2022/G003/000979	OBRAS DE PAVIMENTACIÓN RÚA PICHÓ	000910/2022	30-12-2022 21:45
2023/G003/000004	DELEGACIÓNS ALCALDÍA. MANDATO CORPORATIVO 2019.2023	000001/2023	05-01-2023 11:14
2023/G003/000007	DELEGACIÓNS ALCALDÍA. MANDATO CORPORATIVO 2019.2023	000002/2023	10-01-2023 10:55
2023/G003/000002	EXPEDIENTE SANCIONADOR DE TRAFICO AI99500000027693	000003/2023	10-01-2023 12:06
2023/G003/000003	EXPEDIENTE SANCIONADOR DE TRAFICO AI99500000027750	000004/2023	10-01-2023 12:07
2023/G003/000005	SOLICITUDE SUBVENCIÓN SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS MUNICIPAIS . CONVENIO DEPUTACIÓN FOPPPS/2023	000005/2023	10-01-2023 13:51
2023/G003/000006	APROBACIÓN DE ALTA NO PROGRAMA DE CONCILIACIÓN MUNICIPAL "MADRUGADORAS/MADRUGADORES" . CURSO 2022/2023	000006/2023	10-01-2023 14:32
2023/G003/000010	Solicitud SubVENCIÓN SERVIZOS SOCIAIS 2023	000007/2023	10-01-2023 15:36
2023/G003/000008	Solicitud Sello de mercados de excelencia	000008/2023	11-01-2023 11:54
2023/G003/000012	ADQUISICIÓN TERREOS PARA APARCADOIRO EMPEDRADO	000009/2023	12-01-2023

**CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)**

Nº de Expediente	Asunto	Nº Decreto	Fecha Firma
	21		13:50
2023/G003/000013	PROCEDEMENTO ORDINARIO 0000264/2022, CONTRA CONCELLO DE PONTEDEUME SOBRE ANULACION LIQUIDACIONES DO IMPOSTO SOBRE O INCREMENTO DO VALOR DOS TERREOS DE NATUREZA URBANA	000010/2023	17-01-2023 21:36
2023/G003/000026	SOLICITA TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON MOBILIDADE REDUCIDA	000011/2023	17-01-2023 21:36
2023/G003/000020	EXPEDIENTE SANCIONADOR DE TRAFICO AI99500000027814	000012/2023	17-01-2023 21:36
2023/G003/000023	Solicitud Subvención Impactos Paisaxísticos	000013/2023	17-01-2023 21:33
2023/G003/000032	Sesión ordinaria da Comisión Informativa Permanente de Asuntos Xerais do Pleno de 23/01/2023	000014/2023	18-01-2023 14:16

As concelleiras e concelleiros presentes, **TOMAN RAZÓN.**

**3.- ASUNTOS DE URXENCIA**

Non se presentaron asuntos de urxencia

**4.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: MOCIÓNS URXENTES.**

Toma a palabra o voceiro do grupo municipal do Partido Socialista, D. José Simoes Couceiro, dando conta do contido da moción presentada, cuxo texto se transcribe a continuación:

**“Moción do Grupo Municipal Socialista para instar á Xunta de Galicia a que cumpra co Pacto e o Fondo de Cooperación Local**

O Grupo Municipal Socialista de Pontedeume desexa someter a consideración do Pleno a seguinte **MOCIÓN.**

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

*A economía global está inmersa nunha crise inflacionista a consecuencia dunha pandemia e da invasión de Ucraína; crise que afecta principalmente a materias primas, e, en xeral, á enerxía.*

*Esta crise impacta de xeito xeralizado a todos os axentes económicos, tamén ás administracións públicas, e moi directamente no caso das administracións públicas locais.*

*As administracións locais están a sufrir un incremento dos custos aos que teñen que facer fronte, tanto nos investimentos como tamén no gasto corrente, que está a experimentar un crecemento extraordinario.*



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

*Este incremento do gasto minorará irremediabilmente os recursos das facendas locais destinados a atender as necesidades da veciñanza, particularmente, as de carácter social.*

*Pois ben, dende a súa chegada ao goberno da Xunta de Galicia, as políticas desenvolvidas polo Partido Popular só se caracterizan polo desprezo ás administracións públicas locais.*

*Nestes anos, o goberno autonómico ven incumprindo dun xeito sistemático os acordos incluídos no Pacto Local, desatendendo as peticións da FEGAMP, ignorando as necesidades das entidades locais, e sobrecargando aos concellos con competencias impropias sen dotalos dos recursos precisos. Dándose o paradoxo de que a cidadanía reclama aos concellos servizos públicos que son competencia da Xunta de Galicia.*

*Así as cousas, dun xeito conveniente para o goberno popular da Xunta de Galicia, os concellos son administracións de segunda categoría cando esixen que se actualice o seu financiamento, pero pasan a ser responsables cando se trata de dar resposta inmediata aos/ás cidadáns/ás.*

*O pasado día 20 de outubro a Xunta ven de presentar ante o Parlamento de Galicia o seu proxecto de orzamentos para o vindeiro ano 2023. O proxecto presentado mantén para o Fondo de Cooperación Local a partida base, que leva dez anos conxelada en 113 millóns de euros, mentres duplica a adicional, que pasa de 12,9 a case 30,5 millóns de euros.*

*Deste xeito, entre o fondo base e o adicional a contía total asignada ao Fondo de Cooperación Local ascende a 143,5 millóns de euros, un 14% máis que no ano anterior, con 17,4 millóns de euros adicionais. É sabido que este fondo adicional corresponde a gastos condicionados que non respectan a autonomía local, e normalmente refírense a competencias que son propias da comunidade autónoma.*

*A FEGAMP leva anos reclamando un aumento da financiación base, necesaria para que os concellos poidan desenvolver as súas competencias. Esta reivindicación conta co respaldo de todos e cada un dos 313 concellos galegos.*

*Se nun contexto económico ordinario é unha obriga da Xunta de Galicia garantir un adecuado financiamento das entidades locais, aínda con máis motivo será no medio dunha crise inflacionista como a actual.*

*Resulta imprescindible que a Xunta de Galicia recoñeza as especiais dificultades ás que están a facer fronte os concellos co incremento de custos, e que aposte polos concellos e asuma o compromiso de darlle unha solución ao reparto dos recursos, como así fai o Goberno Central, que si ven de aumentar a PIE.*

*Polo anteriormente exposto, e como firme defensor da necesidade de abordar unha actualización da Lei das Facendas Locais que permita aos concellos asumir o custo real da oferta de servizos públicos que demandan os galegos e as galegas, o grupo municipal socialista propón ao Pleno do Concello de Ponte deume a adopción do seguinte:*

### **ACORDO**

**Instar á Xunta de Galicia a:**

- 1. Que respecte o Pacto Local, así como todos os acordos firmados coa FEGAMP e as entidades locais.**
- 2. Que comece a elaborar unha Lei autonómica de participación das entidades locais nos ingresos da Comunidade Autónoma.**
- 3. Que, mentres a devandita Lei non se aproba, incremente a contía do Fondo de Cooperación Local, particularmente nos orzamentos para o ano 2023, agora en tramitación, coa finalidade de dar resposta inmediata ao extraordinario**



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

***incremento do gasto como consecuencia da alza dos prezos, así como que o Fondo teña en conta a todas e cada unha das entidades locais.***

Sométese a votación a urxencia, quedando **RATIFICADA A URXENCIA**, coa **INCLUSIÓN DA MOCIÓN NA ORDE DO DÍA**, por **MAIORÍA de 11 votos a favor** dos concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal do PsdeG-PSOE (9): D. Bernardo Fernández Piñeiro, D. José Simoes Couceiro, D<sup>a</sup> Raquel Caruncho Corral, D<sup>a</sup> Yolanda Vázquez Busto, D<sup>a</sup> Angela Piñeiro Carrera, D. Daniel Ríos Fernández, D. Joshua Dopico López, D<sup>a</sup>. Manuela García Fachal, D<sup>a</sup> Alejandra Bellón Tenreiro; e 2 votos a favor dos concelleiros do Grupo Municipal do PP: D. Santiago José Rodríguez Piñeiro e D. Luís Ángel Díaz González; **2 votos en contra** do concelleiro e concelleira que integran o Grupo Municipal do BNG: D. Luís Pena Mosquera e D<sup>a</sup> Rocío Souto Torre.

A Presidencia abre a quenda para o debate:

- Toma a palabra D. Santiago José Rodríguez, concelleiro do Partido Popular, pregunta referente ao punto dous da moción, se non é competencia do goberno do Estado facer unha Lei.

Responde D. Bernardo Fernández, alcalde-presidente, que hai unha Lei estatal que regula as relacións entre as administracións, e despois a Xunta de Galicia regula como é a súa relación coas Entidades Locais, e dicir, as Comunidades Autónomas e os Concellos reciben fondos do Estado, a través de transferencias. Di que en Galicia existe o Fondo de Cooperación, con dous sistemas, o fondo base, que se reparte entre todos os Concellos, que leva conxelado once anos, e o fondo adicional, que se distribúe con criterios concretos, entre determinados Concellos, que si se incrementa.

O concelleiro do PP, Sr. Rodríguez, indica en relación o punto tres, que é mellor especificar que se aumente o fondo base, o Alcalde-Presidente está de acordo, quedando deste xeito, "3. *Que, mentres a devandita Lei non se aproba, incrementa a contía do Fondo base de Cooperación Local...*".

De seguido comenta, o alcalde-presidente, que moitas veces se decatan da saída de subvencións, polos alcaldes do Partido Popular, e a trampa radica en que os alcaldes do PP son avisados con tempo suficiente para a elaboración do proxecto, pedir as autorizacións sectoriais etc, as convocatorias sácanse con tempos moi pequenos, pon como exemplo unha do Plan Hurbe, que en sete minutos gastáronse ao redor de tres millóns de euros, e algunhas, as veces, ábrese as doce da noite, non sendo xusto, pois todos os veciños teñen o mesmo dereito de recibir axudas, independentemente a quen voten, o 90% destas axudas que saca a Xunta de Galicia son deste xeito, ademais de dirixidas. Finalmente indica que os concellos asumen cada vez máis competencias impropias, limpeza e mantemento dos colexios, desinfeccións durante a pandemia do COVID, Lei de Dependencia, cada vez hai máis dependentes sen recursos para sufragar os servizos, chegará un momento que os concellos non teñan diñeiro.

- **Toma a palabra D. Luis Pena**, concelleiro do Bloque Nacionalista Galego, explica o sentido do voto do seu grupo na urxencia, xa que consideran que non é urxente o asunto da moción xa que era do mes pasado; de ahí o seu voto en contra. En canto o fondo do asunto, están de acordo en que se clarifique mediante unha Lei, a participación das entidades locais dentro dos ingresos da Xunta, debendo quedar claros os criterios de reparto de ditos fondos. A continuación di, referente o dato do Plan Hurbe, que dos últimos 58 convenios, 57 foron feitos con concellos do PP, non sendo representativo estatisticamente dos concellos de Galicia. Finalmente indica, que votarán a favor da moción, pero gustaríalle integrar un punto máis dentro dos acordos, "4. *Progresiva integración dentro do Fondo de Cooperación Local de todas as axudas e subvencións anuais que a Administración Galega destina ás entidades locais*", ao alcalde parécelle ben.



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

- **Toma a palabra D. José Simoes**, concelleiro do PsdeG-PSOE, comenta que é un tema que hai que poñerlle moito interese, reitera o dito polo señor alcalde.

Non habendo máis intervencións, sométese a votación a moción emendada *in voce* no seo do debate, quedando **ADOPTADO** por **UNANIMIDADE** dos/as membros presentes, os **ACORDOS** seguintes:

1. Que respecte o Pacto Local, así como todos os acordos firmados coa FEGAMP e as entidades locais.
2. Que comece a elaborar unha Lei autonómica de participación das entidades locais nos ingresos da Comunidade Autónoma.
3. Que, mentres a devandita Lei non se aproba, incremente a contía do Fondo Base de Cooperación Local, particularmente nos orzamentos para o ano 2023, agora en tramitación, coa finalidade de dar resposta inmediata ao extraordinario incremento do gasto como consecuencia da alza dos prezos, así como que o Fondo teña en conta a todas e cada unha das entidades locais.
4. Progresiva integración, dentro do Fondo de Cooperación Local, de todas as axudas e subvencións anuais que a Administración Galega destina ás entidades locais.

### 5.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: ROGOS E PREGUNTAS.

Tendo en conta o compromiso de incorporar na acta da seguinte sesión, as respostas ás preguntas da sesión celebrada o día 29/12/2022, transcribíense a continuación as respostas ás preguntas presentadas polo BNG na sesión ordinaria do Pleno mes de decembro do ano 2022.

As preguntas e respostas do Pleno do mes de decembro son as seguintes:

**PREGUNTA 1.** ESCOLA INFANTIL. Pouco despois de só un ano dende a súa inauguración a Escola Infantil ten graves deficiencias debido á entrada de auga na entrada cuberta. Unha infraestrutura cun coste para as arcas públicas de máis de 600.000 euros que como aseguramos en multitude de ocasións ten unha localización deficiente, sombría e húmida, con as instalacións divididas en dous edificios diferentes, sen bos accesos para os coches, moi limitada nas prazas de aparcamento para as familias que deixan aos nenos/as, escaso no terreo exterior de ocio...¿que medidas tomou o goberno para resolver as deficiencias que presenta a Escola Infantil coas conseguíntes incomodidades para as persoas usuarias ??

#### RESPOSTA DO GOBERNO

Como todas as obras de rehabilitación e construción destas características, sempre poden aparecer pequenas deficiencias, como neste caso a filtración nunha cuberta acristalada que non se pode considerar desde o punto técnico como grave deficiencia, senón como un problema deselado entre os cristais.

Como toda obra, xa sexa pública ou privada, eses traballos teñen unha garantía por parte da empresa que os executou. Polo que neste caso, se da traslado para a súa reparación.

Sobre a ubicación da escola infantil, os accesos, as prazas de estacionamento, etc..., é importante lembrar que esa Escola Infantil se inaugurou cando o BNG formaba parte do Goberno e xestionaba o departamento de Servizos Sociais, e por tanto foi ese Goberno o que decidiu a súa ubicación.

O que se fixo agora foi rehabilitar, mellorar e ampliar unha instalación xa existente.

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Así mesmo, para a súa información, tanto os accesos como as prazas de estacionamento se verán mellorados coas obras de humanización que se están a realizar nesa zona.

**PREGUNTA 2. PÁDEL.** A pista de pádel é unha instalación que necesita melloras e un mantemento importante. Dende o BNG cremos que o uso de esta pista non debe ser de balde. Na anterior pregunta contestaron que "Actualmente estase a tramitar, xunto co departamento de Tesourería a implementación dun TPV virtual na pasarela de reserva online." Canto tempo necesita este goberno para implementar dunha vez o pago polo uso da pista ?

### RESPOSTA DO GOBERNO

En primeiro lugar, o Goberno Local non é o que implementa o pago para o uso da pista, senón que da orden aos departamentos que tramitan este tipo de expedientes para que o fagan.

Actualmente, os trámites dependentes do departamento de Tesourería xa foron realizados, estando pendentes dos informes de Secretaría e Intervención

**PREGUNTA 3. MERCADO MUNICIPAL.** Cal é suma total da potencia dos CIES de todos os postos de mercado ? Cal é a máxima potencia da liña que subministra electricidade ao mercado ? ¿ Por que non se contemplou no proxecto inicial do mercado un transformador de potencia nas propias instalacións do mercado ?

### RESPOSTA DO GOBERNO

Non coñecemos exactamente a potencia total final , xa que tendo trasladado dúas solicitudes aos praceiros de petición dos CIES, a día de hoxe aínda falta algunha por entregar.

A instalación do Concello comeza na CGP sendo a acometida propiedade da distribuidora UFD. O Concello solicitou a subministración da potencia indicada no proxecto técnico e é FENOSA encargada de deseñar e executar esa acometida.

En ningún momento se indica por parte da UFD a necesidade de dispoñer dun centro de transformación no mercado por atoparse en zona urbana

Para que sexa preciso instalar un transformador, precísanse mais de 100Kw de potencia. O proxecto orixinal xa definía unha potencia total para o Mercado en base ao número de postos e a superficie existente, e non se sobrepasa ese valor.

**PREGUNTA 4. PISCINA MUNICIPAL SEN CONTRATO E CON GRAVES DEFICIENCIAS NA INFRAESTRUTURA.** A situación das instalacións da piscina municipal é deplorable. Xa nos repetiron moitas veces todos os seus problemas para ter un novo prego para a licitación do servizo ( a guerra de Ucraína, a falta de persoal, as renovacións dos convenios colectivos etc, etc, etc...) Poden dicirnos unha data na que serán capaces de sacar un novo prego que está pendente dende o ano 20017 ??

### RESPOSTA DO GOBERNO

O prego quedou, con as últimas modificacións, pechado o pasado martes polo que nas vindeiras datas será entregado xa por rexistro para ser tramitado polos departamentos correspondentes.

Como saben, actualmente, estase a tramitar a Oferta de Emprego, que inclúe entre outras unha praza de Técnico de Contratación, que entre outros expedientes terá que informar este

**PREGUNTA 5. SANEAMENTO. TANQUE DE TORMENTAS.?** Cal é a fecha prevista na nova adjudicacións para rematar esta obra ??

### RESPOSTA DO GOBERNO

Segundo se nos trasladou por parte da empresa adjudicataria, os traballos finalizarán a finais do mes de xullo.

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

**PREGUNTA 6.** PRUX PARA AS FRAGAS DO EUME. O PRUX que pretende aprobar a Xunta chega máis de 25 anos e non vai ser a ferramenta que resolva as necesidades reais do P.N. das Fragas do Eume. Primeiro porque non protexe de forma real o parque natural. Das 9.000 ha do parque natural, só un 3.3% da superficie teñen a máxima cualificación de protección, só un 3,3% da superficie é protexida como Zona de Reserva, a máxima figura de protección dende un punto de vista medioambiental. Segundo porque está asentado en promesas indefinidas baseándose en futuribles (como os fondos Next Generation) pero sen compromisos orzamentarios. Un PREUX sen diñeiro nin medidas compensatorias para os propietarios e para as persoas que viven no parque natural e tampouco orzamentos para a adquisición de terreos por parte da administración. Terceiro porque un orzamento de 2.000.000 euros para 10 anos de vixencia é absolutamente insuficiente, xa que eses 200.000 euros anuais non é outra cousa que o diñeiro que aproximadamente se está a gastar nos últimos anos. ¿ Que alegacións presentará ou presentou a este PRUX deficiente con absoluta falta de ambición e sen un orzamento digno para o futuro do parque ??

### RESPOSTA DO GOBERNO

Dende que se presentou o documento por parte da Consellería de Medioambiente, os cinco concellos que conforman as Fragas do Eume, de forma coordinada mantiveron contactos entre sí e coas distintas asociacións de propietarios de cara a coñecer as súas opinións e reivindicacións, iniciando xa naquel momento a elaboración das alegacións, que xa foron presentadas, en base as demandas que consideramos necesarias para incluír no PRUX.

Entre elas está a esixencia de mellora da estrada autonómica de acceso o parque, a dotación dun aparcadoiro disuasorio para evitar a entrada de vehículos nas épocas de máis afluencia, o incremento do insuficiente orzamento contemplado e a posta en marcha dun sistema de compensación ou ben de adquisición por parte da Xunta dos terreos afectados, tal como se fai noutras autonomías, etc

**PREGUNTA 7.** INUNDACIÓNS. Nos días pasados con forte intensidade da chuvia e coincidindo cun punto elevado da carreira de marea a avenida Ricardo Sánchez estivo en parte inundada cun nivel de auga moi relevante. ¿ A nova obra de saneamento evitará estes sucesos ? ¿ Que medidas tomou a Alcaldía para evitar que se reproduzan estas inundacións ?

### RESPOSTA DO GOBERNO

Compre lembrar que ese día se estima cas precipitacións na nosa vila, oscilaron entre os 60-70 l/m<sup>2</sup>, coincidindo con pleamar e superando con creces a capacidade da rede.

A nova obra de saneamento está pensada para mitigar este tipo de fenómenos, pero ante unha cantidade de auga tan grande en tan pouco tempo, é moi difícil evitalos na súa totalidade.

De feito, compre lembrar tamén, que foron os municipios da nosa bisbarra que sufriron inundacións similares nesa xornada como consecuencia do temporal de choiva

Así mesmo é importante aclarar que facía un mes que se realizara a limpeza de todos os rexistros desa avenida. Pero tendo en conta, como acabamos de dicir, toda a cantidade de auga que caeu durante horas resulta practicamente imposible evitar este tipo de situación, si ben se verán mitigadas grazas a posta en funcionamento da nova rede saneamento

Neste tipo de sucesos meteorolóxicos que acontecen ademais nunha zona ganada ao mar non se poden achacar a ninguén

O Grupo Municipal do Partido Popular na Corporación Municipal, presenta para o Pleno do mes de xaneiro, os seguintes **ROGOS**:

\* **ROGAMOS SAQUEN LOS CONTENEDORES DE BASURA Y RECOGIDA DE CARTÓN DE LAS LONJAS DE RAJOY**

\* **ROGAMOS BUSQUEN UN SITIO MÁS SEGURO PARA GUARDAR LA LANCHA DE PROTECCIÓN CIVIL**



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

\* ROGAMOS POR PETICIÓN VECINAL REUBIQUEN LOS CONTENEDORES DE LA AV. SAAVEDRA MENESES

\* ROGAMOS SE HAGAN LOS TRAMITES OPORTUNOS PARA EL REPINTADO DEL PASO DE CEBRA DE LA GASOLINERA

O voceiro do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, D. Luis Pena Mosquera, formula no Pleno de xaneiro, os seguinte **ROGO ORAL**:

ROGAMOS que o Sr. alcalde, despois de retirar no Pleno de decembro a moción homenaxe de "Alexandre Caínzos, o Bibliotecario de Ponte deume", convoque aos portavoces dos grupos a unha xuntanza, para poder asinar a declaración institucional.

O grupo municipal do Partido Popular, na corporación municipal, presenta para o Pleno do mes de xaneiro as seguintes **PREGUNTAS**:

### MIRADOR DEL EMPEDRADO

1- ¿Por qué no se inaugura el mirador del empedrado si la obra está acabada?

### APARCAMIENTO.

2- Ya están instaladas las máquinas para controlar el tiempo de aparcar. ¿Cuándo empezaran a funcionar? ¿Tienen previsto reservar plazas para residentes? Y si es así ¿Cuándo y cómo podrán solicitar dichas plazas?

### PASO DE CEBRA.

3- Sabemos que no es competencia del Concello, pero ante las numerosas quejas de los vecinos de la avenida Doctor Villanueva, nos preguntamos ¿el Ayuntamiento no podría mediar con la administración correspondiente para que ese paso de cebra se cambie para que no sea tan peligroso?

### TAXIS.

4.- Estamos observando que en la parada de taxis tanto de madrugada como a media tarde no hay taxis y muchos vecinos nos trasladan su preocupación ¿Cuántas licencias de taxis hay en Ponte deume? ¿Consta en algún reglamento que tiene que haber algún servicio de taxi en la noche o de urgencia?

### CESIÓN DE USO.

5.- Como bien anuncian en redes sociales gracias a la cesión de uso por parte de los propietarios de una parcela cerca del cementerio se va utilizar para aparcamientos ¿No hay opción de compra de dicha parcela? ¿La cesión es por un tiempo ilimitado? Nos lo preguntamos porque se va arreglar con dinero público esa parcela y como indican ustedes tienen PROPIETARIOS.

### BIBLIOTECA

6.- ¿Cuándo se va a sacar la plaza de bibliotecario y quien la atiende a día de hoy?

### OBRA SANEAMIENTO DE VER Y CENTROÑA

7.- ¿En qué situación se encuentran las autorizaciones y la puesta a disposición de los terrenos para la ejecución de la obra?



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

### OBRA RUA VALERIANO VILLANUEVA

8.- ¿A que se debe los 3 firmes distintos que lleva esta calle y que firme va a llevar el aparcamiento que se esta a construir al lado del cementerio?

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, na corporación municipal, presenta para o Pleno do mes de xaneiro, as seguintes **PREGUNTAS:**

1.- TAXIS. Os concellos poden establecer nas súas ordenanzas regras de organización e coordinación do servizo de taxi en materia de horarios, sempre suxeitas á lexislación laboral e da seguridade social que resulte de aplicación. É de coñecemento público a desatención nalgunhas franxas horarias en Ponte deume. É coñecedora a Alcaldía desta problemática ? Cre a Alcaldía que, previa consulta co sector do taxi de Ponte deume, é necesario unha regulación por medio dunha ordenanza que garanta a continuidade da prestación do servizo ? Cal é o número de licencias actual do concello de Ponte deume ? Cal é o número máximo de licencias no noso concello ?

2.- ESCOLA INFANTIL. Segundo temos coñecemento na última semana estase pasando a cobro dalgunhas familias usuarias a cota da Escola Infantil "Chale Rosa". Este servizo por primeiro ano é un servizo gratuito e está regulado na Orde do 22 de xullo de 2022 (DOG núm. 147 do 3 de agosto de 2022). Orde na cal se indica que para a súa total bonificación a asistencia debe ser regular, marcando uns mínimos e máximos globais, de 3 horas e 8 horas respectivamente, deixando nas mans de cada escola a planificación das xornadas. Na escola municipal existen catro tipo de xornadas, cos seus respectivos mínimos de asistencia, os cales foron entregados unha vez comezado o curso. Estas xornadas son pouco flexibles e non axudan na conciliación familiar se se quere manter a gratuidade. Cales son as medidas concretas que ten pensado tomar o goberno municipal para corrixir esta situación durante este curso e evitar que moitas familias acaben pagando por un servizo que debera ser gratuito? Se tanto na orde da Xunta, como no regulamento da escola municipal, recóllese que o mínimo global son 3 horas, porque non se aplica isto de xeito xeral? Está prevista algunha partida económica para garantir a gratuidade da escola infantil para aquelas familias que asisten de forma regular e cumpran co mínimo global, se se dera o caso que Xunta non se fixera cargo debido á existencia das diferenzas na interpretación dos horarios mínimos de asistencia?

3.- PEPRI. O plan de especial protección do casco histórico e o conto de nunca acabar. Este é un resumo das contestacións por escrito do seu goberno dende o 2018:

Novembro do 2018:

o proxecto contratouse a unha UTE no ano 2010 e superou o trámite do impacto ambiental. "" nuns días estaría a disposición para a súa aprobación inicial ""

Marzo do 2020:

"" Os traballos que se están a realizar actualmente para a redacción do PEPRI xa foron pagados polo goberno anterior. Meses atrás o documento foi remitido para informe sectorial.. ""

Marzo do 2021:

"" Actualmente o documento estase a modificar para adaptalo a algúns dos requirimentos establecidos por esas administracións polo que a súa tramitación segue o seu curso normal.""

Marzo do 2022:

"" Na actualidade o documento está a ser adaptado por parte do equipo redactor ás modificacións lexislativas que entraron en vigor recentemente ""



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Novembro do 2022:

Pregunta sobre Area de Rehabilitación Integral: "" Con cargo ao orzamento do 2023 se procederá á licitación da redacción dese proxecto ""

Que informes sectoriais xa foron remitidos ? Que informes faltan por remitir ?

4.- PÁDEL. A pista de pádel é unha instalación que necesita melloras e mantemento, con importantes queixas por parte d@s usuari@s por estar continuamente encharcada o que imposibilita o desenvolvemento normal do xogo. ¿Hai algunha partida habilitada para reparar estas deficiencias ? Cal é data prevista para reparar estas deficiencias ?

5.- ZONA AZUL-PARQUÍMETROS. Cal é o número total de prazas habilitadas para a zona azul ? Cal é o máximo número de tarxetas para residentes que se concederán ? Unha vez transcorrido o tempo máximo de estacionamento quen sancionará aos vehículos que incumpran ? Que sancións recibirán os vehículos sen o ticket ou fora do límite de tempo ?

As respostas ás preguntas dos grupos municipais, do Pleno de xaneiro, serán incorporadas na acta da seguinte sesión do Pleno, xa que non constan respondidas no momento da celebración da sesión.

O voceiro do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, D. Luís Pena Mosquera, formula no Pleno de xaneiro, as seguintes PREGUNTAS ORAIS:

1.- Cando se vai a cubrir a praza de bibliotecario?

2.- Como está a situación de Galilandia, en relación co novo contrato, e se os traballadores están cobrando as nóminas con atraso?

Responde o alcalde, en relación a primeira cuestión, indicando que xa vai contestada nas preguntas do Partido Popular, en canto a segunda indica que estase ao día nos pagos. Un empregado a finais de ano informoulles que aínda non cobrara, chamaron a empresa, e finalmente solucionouse, pero dende o concello teñen que estar de forma reiterada pelexando para que solucionen esa mala xestión económica. Finalmente comenta, en relación aos pregos, que está iniciado o expediente, e falta que sexan informados para sacalo a concurso.

Pregunta oralmente o voceiro do Partido Popular, D. Santiago José Rodríguez, se esta empresa pode presentarse novamente ao concurso, o alcalde di que para poder aplicar as prohibicións que establece a Lei de Contratos, téñense que cumprir uns requisitos, e pensa que non pagarlle os traballadores non é un deles.

### REMATE DA SESIÓN.

Non habendo máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde-Presidente, levanta a sesión, sendo as doce horas e trinta e catro minutos do expresado día.

Apróbase a presente acta, na sesión ordinaria do Pleno de data 23/02/2023, segundo o borrador asinado o día 20/02/2023. Esténdese a presente dilixencia, para constancia, coa sinatura dixital do Alcalde e da Secretaria, que dá fe.